

O FEITO

*por Carlos Pereiro Fernández (I.E.S. A Xunqueira I)
I Premio poesía Ben Veñas Maio 2008-05-30*

Soñei que me levabas
por unha branca vereas
polos fentos do teu corazón
e os ceos do teu inferno

Acariñei os verdes bicos
da alborada dos teus ollos
e coma un neno pequeno
chorei por telos

Gardei o meu corazón
nunha caixiña de cartón
para que se desfaga
no mar dos teus ollos

Puxen a secar as roupas
coas que afoguei no teu mar
e soñei de novo
que voaba por riba, por riba dos teus fentos

E fixen unha banderia con plumas de pombas negras
para pór no meu barco cargado de reproches e amores
para afundirme ata o fondo do mar
para que se desfaga esa bandeira, e morrer sen patria nen mal